

FORM FINDING

FREI OTTO, UN HOMBRE LIBRE

CONFERENCIA DE FERMÍN BLANCO
SOBRE ARQUITECTURA AO REDOR DA
OBRA DE EVA LOOTZ

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Xoves, 26 de xaneiro de 2017

Horario: 19:00–20:00 h

Sala de Padroado do CGAC

Entrada libre e gratuíta

Con motivo da clausura da exposición *Cut Through the Fog* o CGAC organiza unha charla sobre arquitectura vinculada á obra da artista Eva Lootz.

Fermín Blanco emparentará as procuras sobre a forma, o material e os procesos xenerativos dunha artista plástica coa produción dun arquitecto.


Fiel á tradución literal do seu nome, Frei Otto caracterizouse por ser un home libre no exercicio da súa profesión. A súa obra e o seu pensamento manteñen unha coherencia ao longo da súa carreira sempre diluíndo as fronteiras entre disciplinas xa sexa a arquitectura, a bioloxía, a enxeñería ou a socioloxía. Todos estes campos interesáronlle e influíron nel do mesmo xeito que a convulsa realidade histórica que lle tocou vivir nunha Alemaña desfeita e reconstruída, partida e reunificada que lle fixo perder a fe na arquitectura consolidada, pesada e eterna.

Da man do pensamento científico emprendeu unha interminable procura de solucións cheas de enxeño e eficiencia, en pos dun ideal de arquitectura lixeira, adaptable e efémera.

Na súa conferencia Fermín Blanco proponnos un achegamento retrospectivo ás investigacións desenvolvidas por Frei Otto a través do Institut für leichte Flächentragwerke (Instituto de Estructuras Lixeiras) da Universidade de Stüttgart relacionándoo co interese de Eva Lootz polo comportamento, as propiedades e as posibilidades expresivas dos materiais. Arte, ciencia e tecnoloxía unidos por un fío argumental que nos achegará ao pensamento dos seus impulsores.

FERMÍN BLANCO

É doutor arquitecto pola Universidade Politécnica de Madrid e arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura de Valladolid. A súa traxectoria profesional está impregnada polo



Imaxe de ensaio no Institut für leichte Flächentragwerke. Universidad de Stüttgart

Con motivo de la clausura de la exposición *Cut Through the Fog* el CGAC organiza una charla sobre arquitectura vinculada a la obra de la artista Eva Lootz.

Fermín Blanco emparentará las búsquedas sobre la forma, el material y los procesos generativos de una artista plástica con la producción de un arquitecto.

Fiel a la traducción literal de su nombre, Frei Otto se ha caracterizado por ser un hombre libre en el ejercicio de su profesión. Su obra y su pensamiento mantienen una coherencia a lo largo de su carrera siempre diluyendo las fronteras entre disciplinas ya sea la arquitectura, la biología, la ingeniería o la sociología. Todos estos campos le interesaron e influyeron al igual que la convulsa realidad histórica que le tocó vivir en una Alemania deshecha y reconstruida, partida y reunificada que le hizo perder la fe en la arquitectura consolidada, pesada y eterna.

De la mano del pensamiento científico emprendió una interminable búsqueda de soluciones llenas de ingenio y eficiencia, en pos de un ideal de arquitectura ligera, adaptable y efímera.

En su conferencia Fermín Blanco nos propone un acercamiento retrospectivo a las investigaciones desarrolladas por Frei Otto a través del Institut für leichte Flächentragwerke (Instituto de Estructuras Ligeras) de la Universidad de Stüttgart relacionándolo con el interés de Eva Lootz por el comportamiento, las propiedades y las posibilidades expresivas de los materiales. Arte, ciencia y tecnología unidos por un hilo argumental que nos acercará al pensamiento de sus impulsores.

FERMÍN BLANCO

Es doctor arquitecto por la Universidad Politécnica de Madrid y arquitecto por la Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Valladolid. Su trayectoria profesional está impregnada por el

carácter educativo e divulgativo dos seus proxectos sempre nun ámbito híbrido entre disciplinas. Desde o curso 2011 é profesor de Construction Systems na IE University.

Comeza a súa andaina profesional co arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) e a partir de 2006 exerce a profesión desde o seu propio estudio de arquitectura na Coruña. Durante estes anos realizou exposicións, impartiu cursos e conferencias relacionados coa arquitectura, o deseño e a didáctica por gran parte da xeografía nacional e internacional: colexios de arquitectos de Madrid, Barcelona, Asturias, País Vasco, Navarra, Galicia ou Cádiz; museos e institucións culturais como Medialab-Prado, Patio Herreriano, MUSAC, Fundación Luís Seoane, Cerezales ou CGAC; universidades como a Universidade Politécnica de Madrid ou Escola Técnica Superior de Arquitectura do Vallès en Barcelona; e congresos como o internacional de enxeñaría en Bangalore, India.

En 2008 patentou o Sistema LUPO, un sistema modular con fins didácticos que se industrializa en diferentes versións e serve como banco de experimentación do estudio. Os talleres e didácticas desenvolvidos desde esta multiplataforma forman parte dun proxecto encamiñado a profundar nos cambios educativos e na súa adaptación ao presente.

Máis información:

www.ferminblanco.com / www.sistemalupo.com

COORDINACIÓN: Virginia Villar

carácter educativo y divulgativo de sus proyectos siempre en un ámbito híbrido entre disciplinas. Desde el curso 2011 es profesor de Construction Systems en la IE University.

Comienza su andadura profesional con el arquitecto Manuel Gallego (2003-2006) y a partir de 2006 ejerce la profesión desde su propio estudio de arquitectura en A Coruña. Durante estos años realizó exposiciones, impartió cursos y conferencias relacionados con la arquitectura, el diseño y la didáctica por gran parte de la geografía nacional e internacional: colegios de arquitectos de Madrid, Barcelona, Asturias, País Vasco, Navarra, Galicia o Cádiz; museos e instituciones culturales como Medialab-Prado, Patio Herreriano, MUSAC, Fundación Luís Seoane, Cerezales o CGAC; universidades como la Universidad Politécnica de Madrid o Escuela Técnica Superior de Arquitectura del Vallès en Barcelona; y congresos como el internacional de ingeniería en Bangalore, India.

En 2008 patentó el Sistema LUPO, un sistema modular con fines didácticos que se industrializa en diferentes versiones y sirve como banco de experimentación del estudio. Los talleres y didácticas desarrollados desde esta multiplataforma forman parte de un proyecto encaminado a profundizar en los cambios educativos y su adaptación al presente.

Máis información:

www.ferminblanco.com / www.sistemalupo.com

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tels.: 981 546 602

cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

galicia